- a) Instalaciones eléctricas: renovación, mejora, ampliación o creación de nuevos circuitos en las viviendas o espacios comunes del edificio.
- b) Instalaciones de fontanería: renovación, mejora o creación de nuevas conducciones, sistemas de calentamiento de agua y calefacción.
- c) Instalaciones de saneamiento: renovación, mejora, ampliación o creación de nuevas conducciones horizontales y su conexión con la red general de saneamiento.
- d) Instalaciones sanitarias: sustitución y/o colocación de elementos sanitarios, incluso la grifería.
- e) Acondicionamiento de cocinas y baños: renovación y mejora de los locales húmedos, aislamiento de los paramentos para la eliminación o protección contra humedades, nuevos acabados horizontales y verticales, protección de elementos estructurales e instalaciones de ventilaciones forzadas.
- f) Consolidación de las estructuras degradadas con materiales tradicionales o, en los casos que sea conveniente, con perfilera de acero e reposición de pontones de madera.
- g) Reparación y tratamiento de fachadas: limpieza de la piedra, reparación de revocos y enfoscados con enfoscados o revocos de cal (o bastardos), pintura de los mismos con productos naturales transpirables, consolidación de grietas y rejuntados con morteros de cal o bastardos.
- h) Reparación y conservación de los elementos de formación de cubierta, con el objetivo de erradicar la entrada de agua en vivienda. Si el nivel del bajo cubierta se destina a estancias habitables, deberá estar correctamente aislada para así cumplir con las condiciones mínimas de habitabilidad, adecuación de portales y accesos a la vivienda: instalación de porteros automáticos, reparación de pinturas, renovación de la instalación eléctrica, reparación o sustitución de la puerta de acceso siempre que sea exigible en madera.

1. INTERVENCIONES PROTEGIBLES COMPLEMENTARIAS

Son intervenciones protegibles complementarias, además de las anteriores, las que se realizan debido directa o indirectamente a estas.

- a) Reparación o sustitución de carpinterías exteriores, siempre que sea exigible en madera.
- b) Modificaciones de distribuciones interiores, siempre que sean para mejorar la calidad de la vivienda y para conseguir las condiciones de habitabilidad, si no se poseen. Estas modificaciones nunca afectarán a la situación de la escalera y portales de acceso, salvo que no sea recuperable.
- c) Sustitución o renovación o reparación de la carpintería interior y elementos de cerramiento.
- d) Se podrán realizar vaciados de la edificación primitiva siempre y cuando el inmueble sea insalvable tras una memoria de ruina y un estudio de la misma por parte de los técnicos de la oficina de rehabilitación. En este caso, el inmueble o vivienda podrá acceder a la subvención si se presenta un proyecto de obra mayor, visado y firmado por técnico competente y con dirección facultativa incluida. En este caso, la escalera será susceptible de cambio.

ARTÍCULO 14º. CRITERIOS PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

El Concello de Lourenzá, en función de la disponibilidad de presupuesto, del número máximo de ayudas que se puedan conceder y de la preferencia de las solicitudes, seleccionará las actuaciones subvencionadas.

El Concello de Lourenzá aprobará una selección previa de solicitudes candidatas a ser subvencionadas en función de las siguientes consideraciones: mejora de las condiciones de habitabilidad de las viviendas, condición social de los beneficiarios, fijación de la población en el Área de Rehabilitación, presencia significativa de la unidad de edificación en el espacio público, nivel de catalogación de la unidad de edificación, y ajuste económico del número de actuaciones a cumplir y de acuerdo con el siguiente baremo:

- a) Mejora de las condiciones de habitabilidad de las viviendas y edificios (0-5 puntos): son aquellas intervenciones que mejoran considerablemente las condiciones de habitabilidad, para alcanzar o aproximarse a las establecidas en el Decreto 29/2010 “Normas de Habitabilidad de Viviendas de Galicia”
- b) Presencia significativa de la unidad de edificación en el espacio público: (0-3 puntos): Se valora la capacidad de mejora de la imagen urbana para así fomentar la recuperación de los edificios del entorno.
- c) Nivel de protección de la unidad de edificación (0-3 puntos): En los ámbitos del Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respetto, obtendrán
 - I. 3 puntos los edificios catalogados
 - II. 2 puntos los no catalogados pero con una especial significación arquitectónica, significativa presencia en el entorno.
 - III. 1 punto para los edificios no incluidos en un ámbito de protección ni catalogados, si el edificio tiene más de 50 años de antigüedad.

d) Presupuesto por actuación (0-3 puntos): Esta puntuación se realizará con el objetivo de generar un mayor movimiento económico en la zona. Será puntuado de la siguiente manera:

0 puntos: presupuestos inferiores a 20.000,00 € por actuación.

1 punto: presupuesto por actuación entre 20.000,00 € y 30.000,00 €.

2 puntos: presupuesto por actuación entre 30.000,00 € y 50.000,00 € .

3 puntos: presupuesto por actuación superior a 50.000, 00 €.

e) Nivel de ingresos do promotor da actuación.

0 puntos: Ingresos superiores ó 6,5 IPREM.

2 puntos: Ingresos superiores ó 3,5 IPREM e inferiores ó 6,5.

5 puntos: Ingresos inferiores ó 3,5 IPREM.

La concesión de subvenciones, a través de esta convocatoria, será de acuerdo con lo establecido en el artículo 19 de la ley 9/2007 de subvenciones de Galicia.

Esto hasta que concurra alguno de estos casos: acabar el crédito disponible previsto en la convocatoria pública o acabar el número de intervenciones concedidas.

ARTÍCULO 15º. DISPOSICIONES ADICIONALES

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMERA

a) Las ayudas reflejadas en estas bases consistentes en subvención equivalente a tributos, se aplicará a todas las actuaciones incluidas en el Plan de Rehabilitación con independencia de la fecha de aprobación de la licencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

a) La Administración se reserva el derecho a colocar publicidad tendente al fomento de la rehabilitación.

b) El contratista podrá colocar publicidad de la empresa de la forma acordada con la Oficina Municipal de Rehabilitación.

ARTÍCULO 16º. REMISIÓN NORMATIVA

Para todo lo no previsto en estas bases será de aplicación:

a) El Real decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016.

b) El Decreto 18/2014, de 13 de febrero, por el que se determinan los aspectos básicos de los programas autonómicos de rehabilitación de viviendas y se dan directrices para el desarrollo del Plan estatal 2013-2016, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia.

c) La Ley 38/2003, de 17 de diciembre, general de subvenciones y el Real decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba su reglamento.

d) La Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, y el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba su reglamento.

e) La Ley 8/2012, de 29 de junio, de vivienda de Galicia.

f) El convenio de colaboración firmado el 5 de septiembre de 2014 entre el Ministerio de Fomento y la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del Plan estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria, y la regeneración y renovación urbanas 2013-2016.

g) Orden de 9 de marzo de 2015 por la que se establecen las bases reguladoras del Programa de regeneración y renovación urbanas del Plan estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016.

h) Real Decreto 725/2019, de 13 de diciembre, por el que se modifica la disposición transitoria primera del Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021.

Lourenzá, 14 de outubro do 2021.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 2962

LUGO

Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva "12/615 Proxecto de

urbanización do quinceiro 214A de o PEPRI de Lugo”, adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de outubro de 2021, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente de conformidade co establecido nos artigos 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento (RLSG) o “Proxecto de urbanización da mazá PEPRI 214A (Lugo)”, redactado por Senén Prieto Ingeniería S.L, cun presuposto de execución material de 123.757,27 €, de conformidade coas determinacións contidas nos informes dos Servizos Municipais de Enxeñaría de 30 de xullo de 2019 e 15 de outubro de 2020, de Arqueoloxía de 1 de abril de 2019 e 26 de abril de 2021, e de Arquitectura do día 5 de abril de 2019, anteriormente transcritos, así como coas determinacións contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio de Cultura da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 2021, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo, determinacións que deberán ser cumpridas polo interesado durante a execución do referido proxecto.

SEGUNDO.- Determínanse como condicionantes da aprobación deste proxecto que deberán ser cumpridos polo interesado durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos Servizos Municipais de Enxeñaría de 30 de xullo de 2019 e 15 de outubro de 2020, de Arqueoloxía de 1 de abril de 2019 e 26 de abril de 2021, e de Arquitectura do día 5 de abril de 2019, anteriormente transcritos, así como coas determinacións contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio de Cultura da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 2021, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo, e así mesmo os seguintes:

- O prazo de execución do proxecto será de 6 meses, contados dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- O promotor do referido proxecto de urbanización deberá dar cumprimento íntegro as condicións establecidas no punto 4 da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio de Cultura da Xunta de Galicia do 10 de setembro de 2021, en concreto, as seguintes:
 - A zona da fonte está sen definir, materiais, dimensións etc, ao respecto dicir que a acumulación de elementos na escasa superficie que adoita ter este espazo, pode producir unha imaxe recargada, xa que estamos xa próximo ao casco histórico e da Muralla e que nestes lugares non son necesarios na mesma medida que o poden ser nun parque ou nunha praza do centro dunha cidade, polo que debe evitarse “sobreactuar” e limitarse ao estritamente necesario
 - A varanda da nova beirarrúa, será sinxela, con barras sen ornamentos, en cor negra na tonalidade mate, sen imitar a do “tipo muralla”, podendo, de selo caso, re-utilizar a varanda existente na pasarela metálica que non contén as referencia aos motivos xacobeos (cunchas).
- Deberá comunicárselle o inicio das obras ao Servizo de Arqueoloxía Municipal, co fin de que poida levar a cabo o correspondente control e seguimento arqueolóxico da execución das referidas obras de urbanización, ao tratarse dunha actuación que afecta a unha zona de ámbito PEPRI e ao trazado principal do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo, o cal deberá levarse a cabo conforme o proxecto de “Control e seguimento arqueolóxico do proxecto de urbanización da Mazá PEPRI 214A, Lugo”, presentado por D. Carlos Trinidad Santamariña, en representación de Hipólito S.L., e asinado pola arqueóloga dona María Yolanda Álvarez González, que foi autorizado en virtude da resolución ditada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 14 de decembro de 2020, que figura no expediente.
- Deberá igualmente comunicárselle o inicio das obras aos Servizos de Enxeñaría e Electromecánicos, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Deberá comunicar por escrito o comezo das obras as empresas de subministro (BEGASA, TELEFÓNICA, GAS GALICIA, R-GRUPO CABLE, e outras), para facilitar o completamento das súas redes de ser o caso con antelación á colocación de firmes e pavimentos.
- Requirir aos interesados para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto de urbanización presenten neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, fianza polo importe de 12.375,73 €, correspondente ao 10% do presuposto de execución material, que ascende á cantidade de 123.757,27 €, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Determínase como período de garantía das obras que se executen ao abeiro deste proxecto o de **un ano** a contar dende a súa recepción polo Concello.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do “Proxecto de urbanización da mazá PEPRI 214A (Lugo)”, no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

CUARTO.- Notifíquesele a presente resolución ao promotor do referido proxecto de urbanización, coa indicación de que esta pon fin a vía administrativa e de que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **un mes** ante a Xunta de Goberno Local, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo)."

Lugo, 14 de outubro de 2021.- A Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en substitución do Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana (Decreto 2973/2021, do 16 de abril de 2021).

R. 2963

MEIRA

Anuncio

DECRETO NÚM. 468/2021 DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA DE ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DA CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MEIRA.

Vista a documentación existente no expediente resultan relevantes os seguintes:

I.- FEITOS:

Primeiro.- Mediante Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 337/2020 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Meira e convocábase a celebración da primeira proba para o día 12 de novembro do 2020.

Segundo.- Considerando a situación de emerxencia sanitaria xurdida no mes de outubro do 2020 no Concello de Meira, cun elevado número de contaxios, mediante Decreto do Alcalde número 393/2020, procedeuse á suspensión da celebración da primeira proba.

Terceiro.- En data 8 de febreiro do 2021 presentan a renuncia dous dos membros do tribunal designado por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 336/2020.

II.- FUNDAMENTOS:

A base 8 das que rexen o presente procedemento selectivo establecen que terminado o prazo de presentación de solicitudes o titular do órgano competente ditará Resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo de dous meses.

A Resolución, que conterà a lista completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Lugo, no Taboleiro de Edictos do Concello de Meira e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com).

Finalizado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, unha resolución declarando aprobada a relación definitiva de persoas aspirantes e excluídas, no prazo máximo dun mes, que poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada.

A proposta do Tribunal cualificador, poderase indicar na citada resolución, xunto coa data, lugar e hora de realización da primeira proba, sen prexuízo de que con anterioridade o Tribunal publique estas mediante anuncio do Tribunal cualificador.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións outorgadas pola lexislación en materia do réxime local, este Alcalde, **RESOLVE:**

Primeiro.- Alzar a suspensión decretada por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 393/2020 para a celebración do primeiro exercicio do procedemento selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Meira.

Segundo.- Aceptar as dúas renuncias das persoas designadas como presidente e suplente do presidente procedendo ao nomeamento das seguintes persoas como membros do tribunal cualificador do devandito procedemento selectivo:

1.- Presidente: Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra), suplente: Mónica Giménez López (Letrada da Deputación Provincial de Lugo).

2.- Vogais:

-José Ramón Rivas Díaz (Administrativo do Concello de A Pontenova), suplente: José Miguel Veigas Méndez (Xefe de Sección de Dominio Público da Demarcación de Costas de Galicia en A Coruña).

-Julia Vázquez Silvarrey (Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo), suplente: Manuel A. Trabado Trabado (Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo).

-Pilar Rozas Alonso (Secretaria accidental do Concello de Meira), suplente: Elisa González López (Adxunta Xefa de Sección de Actas da Deputación Provincial de Lugo),

3.- Secretaria: Ana Lucía Pardal Peña (Técnico de Información Profesional de Demandantes de Emprego da Deputación Provincial de Lugo), suplente: Jesús Reguera López (Coordinador Xefe II de Apoio e Asuntos Sociais da Deputación Provincial de Lugo).

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o acto de constitución do mesmo que terá lugar o día 19 de novembro do 2021 no Salón de Sesiós do Concello de Meira ás 17:00 horas.

Cuarto.- Convocar a todos/as os/as persoas aspirantes para o **venres día 3 de decembro de 2021, ás 17:00 horas no pavillón polideportivo municipal**, sito na rúa Federico González López, s/n, do Concello de Meira para realización do primeiro exercicio que ten carácter obrigatorio e eliminatorio. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da oposición en chamamento único.

Quinto.- Ordenar a publicación desta Resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Meira e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com).

Sexto.- Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Tribunal e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Meira, do que eu, Secretaria-Interventora accidental, dou fe.

Meira, 14 de outubro de 2021.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.- A secretaria accidental, Pilar Rozas Alonso.

R. 2964

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS FISCAIS 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 6.09.2021 aprobáronse os seguintes padróns Fiscais:

- Taxa pola prestación dos servizos no Cemiterio.
- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con:
 - a) Escaparates
 - b) Marquesiñas
 - c) Toldos
 - d) Colectores na vía pública
- Taxa por ocupación subsolo vía pública.
- Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro.
- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- Taxa pola instalación de quioscos na vía pública.
- Taxa postos feira.
- Taxa pola utilización do dominio local no mercado ou praza de abastos .

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 21.09.2021 ata o 22.11.2021.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 15 de outubro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3000

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.10.2021, aprobase o padrón fiscal correspondente ó mes de setembro de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 240,60 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 293,52 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 7 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2965

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 14/10/2021, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2021, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 15/10/2021 ao 15/12/2021, ambos inclusive. Indícase que, de conformidade co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, os prazos para presentación de recursos correspondentes están suspendidos. Unha vez perda vixencia dita suspensión, iniciarase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 14 de outubro de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2966

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO 2021**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 07 de outubro de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de setembro : 3960,39 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de novembro de 2021 e o 01 de xaneiro de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro, 11 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2967

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio***CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido un erro no apartado 2 da base Oitava das bases que rexen o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local polo sistema de concurso oposición restrinxido, publicadas no BOP de Lugo número 136 de data 17 de xuño de 2021,

Onde dí:

Primeiro exercicio: Consistirá na contestación a un test de cincuenta preguntas facilitado polo Tribunal no momento do exame, ca duración máxima de 1 hora e trinta minutos, e que versará sobre as materias contidas no temario da presente convocatoria (anexo I). Para superar este exercicio deberá alcanzar unha puntuación de 10 puntos, a puntuación máxima será de 20 puntos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,20 puntos. Cada resposta errónea, con -0,08 puntos.

Debe dicir:

Primeiro exercicio: Consistirá na contestación a un test de cincuenta preguntas facilitado polo Tribunal no momento do exame, ca duración máxima de 1 hora e trinta minutos, e que versará sobre as materias contidas no temario da presente convocatoria (anexo I). Para superar este exercicio deberá alcanzar unha puntuación de 10 puntos, a puntuación máxima será de 20 puntos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,40 puntos. Cada resposta errónea, con -0,08 puntos.

A Pobra do Brollón, 18 de outubro de 2021.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3001

RÁBADE*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 6 de outubro de 2021, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábadade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No

caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 11 de outubro de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2968

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 14 de outubro de 2021 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa fomento do emprego 2021", que a continuación se relaciona:

- 2 peóns especialistas, adscritos ao servizo municipal de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas.
- 1 administrativo/a de apoio ás oficinas xerais municipais.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade, na páxina web www.rabade.org e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

En Rábade, a 14 de outubro de 2021.- O Alcalde-presidente, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2969

RIBADEO

Anuncio

CONTA XERAL EXERCICIO 2020

Formada e rendida a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio orzamentario de 2020 co contido a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 7 de outubro de 2021, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta Entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito os reparos, reclamacións ou observacións que estimen pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Ribadeo, 13 de outubro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2970

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 13/10/2021 os Padróns SAF dos meses de agosto e setembro de 2021, por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de

constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 13 de outubro de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2971

TRIACASTELA

Anuncio

O Pleno do Concello de Triacastela, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de 2021 adoptou o acordo que literalmente di:

Primeiro. Aprobar provisionalmente ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Triacastela.

Segundo. Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Terceiro. Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que as resolverá con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cuarto. Que o texto definitivo se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 17 da Lei de Facendas Locais.

Triacastela, 13 de outubro de 2021.- A Alcadesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 2972

VIVEIRO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Número de expediente 8720/2021.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “(...) *todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico (...)*”.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que “(...) *as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*”

- *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- *Transparencia.*
- *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (...)*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “(...) *os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrancia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto (...)*”

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz, e en base a criterios de economía e eficacia, conséntase a necesidade urxente de crear listas de emprego provisionais na categoría profesional de “MONITOR/A DEPORTIVO/A-SOCORRISTA”, na Piscina Municipal, aos efectos de contratación con carácter temporal.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de carácter aberto.

2º.- Aprobar as Bases, e o seu anexo, que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso ao obxecto da constitución de listas de emprego provisionais.

3º.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexos publicaranse na páxina web do concello (www.viveiro.es), e no taboleiro de anuncios dixital.

4º.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Viveiro, á 18 de outubro de 2021.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3002

XOVE

Anuncio

Persoal Laboral Temporal Interino – Recepcionista de Piscina

Por Decreto de Alcaldía de 10 de outubro de 2021, aprobáronse as bases específicas para a contratación de **1 recepcionista de piscina** en réxime de interinaxe.

Prazo de presentación de solicitudes: nos días laborais seguintes sinalados nas bases ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, a través do rexistro xeral do Concello en horario de 09:00 a 14.00 horas.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello (www.xove.es).

Xove a 14 de Outubro de 2021.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2973